

CCR/Ra/Ms

Data Rexistro: **10/11/2021 09:58:29**Nº Rexistro: **2021001334**

SAIDA

MINUTA

Na sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 29 de outubro de 2021, formuláronse os seguintes rogos ou preguntas polo Sr. Deputado Don Miguel Adolfo Domínguez Alfonso:

15.7696.- ROGOS E PREGUNTAS

Sra. Presidenta.- E, por último, Rogos e Preguntas. Pasen, por favor, o micro.

...

Sr. Domínguez Alfonso.- Bos días.

...

Sra. Presidenta.- Perdoe, que o Sr. Mosquera me estaba pedindo a palabra e eu entendín que era que habías deixado pulsado de antes. Non, interveña vostede e logo lle dou a el a palabra.

Sr. Domínguez Alfonso.- Non, digo, é que tampouco sei, teño claro se nas preguntas se pode facer tamén esa intervención, se vai intervir o Sr. Mosquera, non sei se ten que intervir el antes, se, non sei. Non, que interveña el e acaba xa co tema que estabamos falando. Pero digo que non sei se nas preguntas agora hai debate. ¡Ah!, perdón, perdón, vale, vale, perdone. Non, é que non sabía.

Sra. Presidenta.- *(Non se escoita. Tempo 01:24:08.24).*

...

Sra. Presidenta.- ... Ten agora a palabra o Sr. Domínguez.

Sr. Domínguez Alfonso.- Si, ahora si. Bueno, espero que, espero que esto quede tan niquelado como vai quedar a praza de Barro e tan niquelado como vai quedar o Salón de Plenos. A necesidade de incrementar os Grupos de Emerxencia Supramunicipal en toda a provincia pois é unha realidade sobre todo nos concellos pequenos, como pode ser o Concello da Cañiza e a Comarca miña, da Paradanta, ¿non?. Concellos todos de menos de 20.000 habitantes onde a competencia é da Deputación Provincial. A Xunta fixo unha proposta de incrementar os GES na provincia que viña a cubrir todas esas zonas onde non había cobertura, como é no noso caso da Paradanta. E, ademais agora, recentemente, fixo tamén unha proposta de financiación ...

Sra. Presidenta.- ¿Que me vai a facer? ¿un rogo ou unha pregunta?



Sr. Domínguez Alfonso.- Si, unha pregunta, unha pregunta. O que lle quero preguntar a vostede é se, se vostede, se a Deputación de Pontevedra, vai apoiar a proposta da Xunta de incrementar os GES e vai apoiar a proposta da Xunta de incrementar a financiación dos GES, que vén a dar respostas ás demandas que viñan facendo todos os alcaldes que acollen un GES no seu territorio e tamén os da nova creación. A pregunta é esa ¿se a Deputación de Pontevedra vai apoiar ese incremento de financiación que propón a Xunta e que conta co beneplácito xa tamén da FEGAMP.

Sra. Presidenta.- Eso non é certo. A vostede teñen que informarlle mellor. Hai o día 10 de novembro unha nova reunión, porque non hai ningún acordo, e claro que imos apoiar que a Xunta de Galicia amplíe os fondos para os GES e que pasaron de poñer o 60% ó 52,5, e vamos a pedirlle que aumente de novo ata o 60% para que poida financiar todos os aumentos a Xunta de Galicia, non só vamos apoiar á Xunta para que poña ela os recursos para aumentar os GES, senón que lle imos aplaudir por recuperar os recursos. Tamén imos opoñernos a que ese aumento de financiación que ten que poñer a Xunta, porque é a súa competencia, imos a esixirlle que non o faga co fondo de Cooperación Local senón con recursos propios, e que tampouco o faga con fondos FEDER, que o faga con recursos propios, igual que o facemos as deputacións e os concellos. Polo tanto, moi ben pola Xunta, que aumente os cartos, que poña máis recursos para que poida haber doce persoas nos GES, como plantexan, pero todos os recursos imos a pedir que os poña a Xunta de Galicia. ... máis asuntos na orde do día levantamos o Pleno, non, levantamos a sesión, o Pleno non.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

O Secretario

(Asinado dixitalmente na data que figura á marxe)

Firmado por: CARLOS MANUEL CUADRADO ROMAY - 02506941X
Cargo: Secretario
Data: 07/11/2021 21:22

D. Miguel Adolfo Domínguez Alfonso.- Presidencia.- Vicepresidencia.- Cooperación.-
Paula Fernández Pena (Presidencia).- Central.- *Asistencia Intermunicipal.-*

